



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Socorristas. Contratación de duración determinada por circunstancias da produción de 32 socorritas para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático que prestará servizo nas praias do Concello de Carballo no ano 2023*

#### ANUNCIO

**Convocatoria e aprobación das bases do proceso selectivo para contratación de duración determinada por circunstancias da produción, de 32 socorristas para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático que prestará servizo nas praias do concello de carballo no ano 2023. (2023/E001/000012).**

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm.1182/2023 de 16 de maio de 2023 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición libre, de trinta e dúas (32) persoas (4 postos coa categoría profesional de coordinador–socorrista e 28 postos coa categoría profesional de socorrista–oficial 2ª) e posterior contratación laboral de duración determinada por circunstancias da produción, que desenvolverán o seu traballo nas praias do Concello de Carballo de acordo coas necesidades do servizo.

As bases están dispoñibles no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

O **prazo de presentación de instancias** é de **dez días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Carballo, a 18 de maio de 2023.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/3979